



Saúde laboral

Boletín nº 58

Nº 58 FEBREIRO 2025 CIG - GABINETE TÉCNICO CONFEDERAL DE SAÚDE LABORAL www.cigsaudelaboral.org

MONOGRÁFICO SECTOR CONSTRUCCIÓN

SUMARIO

INFORMACIÓN/A FONDO

SÍLICE CRISTALINA RESPIRABLE.
AGLOMERADOS DE CUARZO:
MEDIDAS PREVENTIVAS EN
OPERACIÓN DE MECANIZADO

Gabinete Técnico Confederal de Saúde Laboral



EDITA: Gabinete Técnico Confederal de Saúde Laboral

FINANCIADO POR:



SÍLICE CRISTALINA RESPIRABLE. AGLOMERADOS DE CUARZO: MEDIDAS PREVENTIVAS EN OPERACIÓNS DE MECANIZADO

A sílice ou dióxido de silicio (SiO_2), é un componente básico da terra, area, granito e outros moitos minerais que pode presentarse en forma cristalina ou amorfa (non cristalina), tanto en depósitos sedimentarios naturais como en produtos creados artificialmente. A forma máis común de sílice cristalina é o cuarzo, que se atopa na maioría dos distintos tipos de rocha; o cuarzo a temperaturas superiores aos 800°C pasa á forma de sílice cristalina coñecida como tridimita e se se quenta a máis de 1400°C á forma coñecida como cristobalita.

Entre as formas amorfas pódense distinguir: a terra de diatomeas, terra de infusorios, Kieselguhr, diatomita, ópalo e trípoli.

Todas as formas cristalinas da sílice denomínanse “sílice libre cristalina”, e teñen moitas aplicacións industriais que derivan das súas propiedades físicas e químicas: dureza ou resistencia, resistencia química, alto punto de fusión, piezoelectricidade, piroelectricidade e transparencia.

As fontes de exposición laboral a sílice cristalina son moi numerosas xa que forma parte da composición de moitos minerais (táboa 1).

FONTES MINERAIS	% SÍLICE LIBRE CRISTALINA
Arxila plástica	5-50%
Basalto	Ata o 5%
Diatomea natural	5-30%
Dolerita	Ata o 15%
Sílex	Superior ao 90%
Granito	Ata a 30%
Grava miúda	Superior ao 80%
Minerais de ferro	7-15%
Pedra calcaria	Normalmente, inferior ao 1%
Mármore	Ata a 5%
Cuarcita	Superior á 95%
Area	Superior ao 90%
Arenisca	Superior ao 90%
Xisto	40-60%
Lousa	Ata o 40%

Táboa 1. Concentración de sílice libre cristalina en distintos materiais (estes valores poden variar).

Á súa vez, estes minerais son compoñentes ou ingredientes básicos nunha gran variedade de actividades ou sectores industriais:

- Áridos.
- Industria cerámica.
- Industria da fundición.
- Industria siderometalúrxica.
- Industria do vidro.
- Industria de minerais industriais e minerais metálicos.
- Industria do cemento.
- La mineral.
- Industria da pedra natural.
- Industria do morteiro.
- Industria do formigón prefabricado.

Nestas actividades industriais, e outras actividades profesionais, a exposición laboral a sílice cristalina respirable pódese producir en calquera situación de traballo na que se xere po de sílice cristalina e este pase ao ambiente. Por tanto, naquelas operacións nas que se trituran, cortan, perforan, tallan ou moen materiais, produtos ou materias primas que conteñen sílice cristalina, pódense liberar ao ambiente de traballo partículas de sílice

cristalina respirable (fracción da masa de po inhalada que penetra ata as vías respiratorias non ciliadas e deposítase nelas).

*Aínda que a potencial exposición a sílice cristalina respirable é un risco coñecido nas actividades ou sectores xa comentados, e que implica a adopción dun conxunto de medidas preventivas concretas para cada situación, a aparición de novos materiais de construción, como os **aglomerados de cuarzo**, cunha elevada porcentaxe de sílice libre cristalina entre os seus compoñentes, propiciou a aparición de novos casos de silicose en actividades laborais nas que ata hai pouco tempo non se producían.*

Dende este punto de vista, poderíase considerar o risco de silicose profesional derivado da manipulación dos aglomerados de cuarzo, como un risco emerxente para a saúde no traballo, entendendo por “emerxente” un risco “novo” (causado por novos procesos ou tecnoloxías) e que vai en “aumento” (o número de situacións de perigo que producen o risco vai en aumento).

EFFECTOS DA SÍLICE CRISTALINA

A sílice cristalina en contacto directo coa pel en estado seco causa irritación por abrasión mecánica; en contacto cos ollos pode provocar a irritación dos mesmos; a súa inxestión en grandes cantidades pode provocar irritación e bloqueo gastrointestinal e a súa inhalación pode irritar o nariz, gorxa e vías respiratorias.

Con todo, cando as partículas de po son o suficientemente pequenas como para ser inhaladas e penetrar fondamente nos pulmóns (sílice cristalina



respirable), a exposición crónica a este po pode producir silicose, enfermidade pulmonar profesional atribuíble á inhalación de dióxido de silicio en forma cristalina, xeralmente como cuarzo, pero tamén como cristobalita e tridimita.

A silicose enmárcase no grupo das neumoconioses, que son enfermidades pulmonares resultantes da inhalación e acumulación de po inorgánico, así como da reacción que se produce no tecido pulmonar como consecuencia das partículas depositadas. O risco de aparición da enfermidade relaciónase coa cantidade de sílice cristalina inhalada ao longo da vida laboral e, unha vez establecida, non se dispón de ningún tratamento eficaz. A única medida para a prevención desta enfermidade é o control do po respirable e o diagnóstico precoz.

Pode presentarse en tres formas:

- ❖ **Silicose crónica.** *A máis común. Fai referencia a unha enfermidade de evolución crónica, que aparece despois de varios anos (con frecuencia máis de 20 anos) de exposición a concentracións moderadas ou baixas de sílice cristalina respirable.*

❖ **Silicose aguda.** É unha forma clínica rapidamente progresiva que pode evolucionar nun curto período de tempo (meses ou moi poucos anos) despois dunha exposición a concentracións moi altas de sílice cristalina respirable.

❖ **Silicose acelerada.** Trátase doutra forma clínica, non ben definida, intermedia entre a aguda e a crónica. Pode aparecer tras 5-10 anos de exposición a concentracións elevadas de sílice cristalina respirable.

Para establecer un diagnóstico de silicose considérase suficiente a concorrencia dunha historia laboral de exposición a sílice cristalina e un tempo de latencia variable en función da magnitude da exposición, xunto cunhas manifestacións clínicas, funcionais e radiolóxicas típicas.

Ademais, a inhalación de po de sílice cristalina está asociada tamén a outras enfermidades tales como cancro de pulmón, enfermidade renal, perda de función pulmonar e incremento do risco de tuberculose.

Xa en 1997 a Axencia Internacional para a Investigación do Cancro (International Agency for Research on Cancer -IARC-) concluíu que existía unha correlación entre a inhalación de sílice cristalina en forma de cuarzo ou cristobalita en exposicións laborais e un incremento no risco de cancro de pulmón polo que a clasificou como canceríxeno de Grupo 1 "Canceríxeno para humanos"; con todo esta carcinogenicidade non se detectou en todas as situacións industriais estudadas.

Doutra banda, o Comité Científico para os Límites de Exposición Ocupacional da Comisión Europea

(SCOEL) tamén concluíu que, aínda que o principal risco para os humanos derivado da inhalación de sílice cristalina respirable é a silicose, existe información suficiente para concluír que o risco de adquirir cancro de pulmón aumenta en persoas con silicose.

Ademais, dado que a silicose afecta ao funcionamento dos pulmóns, esta situación favorece a posibilidade de contraer infeccións pulmonares como a tuberculose. As persoas expostas a po de cuarzo teñen unha probabilidade 100 veces maior que a poboación xeral de contraer tuberculose. Neste caso, a tuberculose denomínase silicotuberculose.



AGLOMERADOS DE CUARZO

Enténdese por aglomerado de cuarzo, ou compacto de cuarzo, un material composto por áreas de sílice, cuarzo, nalgúns casos con presenza de cristobalita, en granulometrías variables (sempre inferiores a 4,5 mm), cementado con outros compoñentes (vidros, feldspatos, colorantes, etc.) por medio de resinas de poliéster ou acrílicas como elemento aglutinante para conseguir resultados de solidez e resistencia. O contido en sílice cristali-

na dos aglomerados de cuarzo pode variar entre o 70 e o 90%, en función da cor e tipo de acabado.

Este material aparece no mercado nos anos 90 como alternativa, e para as mesmas aplicacións, para as que tradicionalmente se utilizaron os taboleiros das pedras naturais (granito e mármore). Presenta unha gran variedade de cores e acabados superficiais, o cal propiciou que nun principio se empregase amplamente na decoración de ambientes interiores, principalmente en encimeiras de cociña e baño. Posteriormente, o seu uso estendeuse, empregándose tamén en pavimentos de pequeno espesor, escaleiras e revestimento de parede.



Cos aglomerados de cuarzo fábranse taboleiros dunhas dimensións superficiais aproximadas de 3 por 1,5 metros, de diferentes espesores, normalmente de 12 a 30 milímetros.

Na manipulación destas pezas fabricadas con aglomerados de cuarzo pódense diferenciar basicamente dúas situacións de traballo:

➤ *Elaboración das pezas no taller de marmorería, a partir dos taboleiros de aglomerado de cuarzo.*

➤ *Instalación das pezas elaboradas, xa sexa en edificios de nova construción ou en obras de reforma ou rehabilitación.*

MECANIZADO DAS PEZAS DE AGLOMERADO DE CUARZO

Elaboración das pezas no taller

A elaboración de pezas no taller iníciase co corte dos taboleiros de aglomerado ás dimensións desexadas, mediante serras de disco “de diamante”. As pezas cortadas seguen outros procesos de acabado, como o contorneado ou o pulido de cantos e o mecanizado de orificios para inserir lavabos, cociñas, billas ou calquera outro tipo de elemento que forme parte da instalación. Finalmente, algunhas das pezas cortadas e mecanizadas móntanse e encolan no taller co obxecto de minimizar os traballos de instalación na obra.

Na actualidade moitas destas operacións realízanse mediante máquinas previamente programadas de funcionamento automático (máquinas de control numérico).

Durante as operacións de ensamblado pode ser necesaria a realización de operacións de axuste e de pulido dalgunhas pezas.

Operacións de instalación

A instalación (montaxe) en obra das pezas preparadas no taller pode requirir nalgunhas ocasións a realización de operacións de mecanizado e axuste en función da precisión con que se elaboraron.

Ademais, para a adhesión das pezas ao soporte necesítase un adhesivo flexible como o cemento cola, co seu mesmo coeficiente de dilatación.

MEDIDAS PREVENTIVAS

Nas operacións de mecanizado (corte, pulido, repasado) das pezas de aglomerado de cuarzo pódense liberar ao ambiente elevadas concentracións de po que contén sílice cristalina respirable. Unha vez no ar a fracción de po respirable pode tardar un tempo variablemente longo en sedimentar. Ademais, en situacións nas que o ar se atopa constantemente axitado, e non entra ar fresco, esta fracción respirable pode permanecer suspendida no ar do lugar de traballo durante días en concentracións significativas.

A actuación fronte a esta exposición, se non é posible a substitución destes materiais por outros que non conteñan sílice libre cristalina, oriéntase a que o principal obxectivo do conxunto de medidas preventivas a implantar é, por unha banda, **a)** minimizar a xeración de po durante estas operacións e, por outro, **b)** evitar o seu paso ao ambiente de traballo.

Estas medidas técnicas de control do risco, por orde de prioridade, pódense agrupar do seguinte xeito:

- 1.- Evitar ou reducir a emisión de po.
 - Realización en húmido dos traballos de mecanizado.
 - Emprego de máquinas portátiles de baixa velocidade.
- 2.- Evitar ou reducir a dispersión do po ao ambiente.
 - Utilización de sistemas extracción localizada do po na zona de xeración.
- 3.- Limpeza dos equipos e da zona de traballo.
 - Emprego de métodos húmidos ou por aspiración.

Unha vez implantadas as medidas preventivas correspondentes é cando se debe levar a cabo unha avaliación ambiental da exposición a sílice cristalina respirable, a fin de valorar a efectividade das medidas adoptadas. O obxectivo final non é só que a exposición estea por baixo do valor límite de exposición profesional, o que evidentemente debe cumprirse, senón que esta sexa tan baixa como resulte tecnicamente posible.

Cando estas medidas de prevención e de protección colectiva non proporcionen unha redución suficiente do risco de exposición a po de sílice cristalina respirable, deberanse empregar equipos de protección individual para as vías respiratorias. En calquera caso, a utilización dos equipos de protección individual nunca suplirá as medidas técnicas de prevención e non se debe recorrer á protección individual sen respectar a orde de prioridades de medidas preventivas establecida.



En resumo, o emprego de equipos de protección respiratoria pode ser necesario nas seguintes situacións:

- a) Cando as medidas de prevención e protección colectiva sexan insuficientes, é dicir, que non poidan asegurar que a exposición por vía inhalatoria non supere os límites ambientais e esta non poida evitarse por outros medios.
- b) Provisionalmente, mentres se adoptan as medidas de prevención e protección necesarias.
- c) Para aquelas operacións “puntuais” ou “excepcionais” nas que non exista a posibilidade de aplicar medidas preventivas.



Con todo, aínda cando non se exceda o valor límite de exposición profesional, o empresario/a poñerá os equipos de protección respiratoria adecuados ao dispor das persoas traballadoras, como un complemento de uso voluntario pola súa banda. Neste senso hai que sinalar que a utilización destes equipos de protección respiratoria é recomendable sempre, mesmo naquelas situacións en que a avaliación de riscos indique que non é probable que se exceda o valor límite.

Finalmente, indicar que, aínda que segundo o contido en sílice libre cristalina do material que se

manipula pode variar a concentración ambiental de sílice cristalina respirable (intensidade da exposición), o conxunto de medidas preventivas proposto para evitar ou controlar a exposición a sílice cristalina respirable durante o mecanizado das pezas de aglomerado de cuarzo non debería diferir das que, en xeral, deben aplicarse para as operacións de mecanizado doutros artigos e/ou materiais que tamén conteñan sílice libre cristalina.

Deseño das instalacións

- Restringir o acceso á área de traballo unicamente ao persoal autorizado.
- Os lugares onde se sitúen os equipos de traballo de corte e pulido deben dispoñer de sistemas de extracción localizada e sistemas de ventilación xeral deseñados para compensar o aire extraído por aqueles. Verificar que o sistema de ventilación non remova o po e que o aire contaminado non se estenda ás zonas limpas.
- Dispoñer dun pavimento nos locais de traballo que minimize o perigo de escorregar derivado da presenza de auga no chan.
- Superficies e chans de fácil limpeza. O uso de pintura de cores rechamantes sobre as superficies (chans, corredores, elementos estruturais) axuda a recoñecer as zonas sucias e a identificar un adecuado nivel de limpeza.
- Sinalizar e delimitar as zonas de risco de exposición a sílice cristalina respirable.

Limpeza do taller

- Empregar métodos de limpeza en húmido (baldeo) e/o por aspiración para evitar a formación

de po durante estas operacións (existen equipos de aspiración con posibilidade de vía húmida).

- Os aspiradores industriais deben estar equipados con filtros de alta eficacia fronte a partículas (filtro HEPA) (non utilizar aspiradoras comúns).



- Utilizar equipos de protección respiratoria contra partículas tipo FFP3 (para máscaras autofiltrantes) ou P3 (para filtros axustados a adaptadores faciais). Nos equipos filtrantes baseados no axuste facial garantírase a estanqueidade sobre a cara do portador/a.
- No caso de derrames de grandes volumes de material fino e seco, empregar un método de pulverización fina para humedecelo (o uso de chorro de auga podería facilitar o paso do po ao ambiente).
- Non deixar que o lodo ou lama que poida formarse no chan se seque e que o po poida pasar ao ambiente; xestionar este residuo adecuadamente.
- Limpar a diario a área de traballo e de forma regular a zona de traballo (p.ex. semanalmente).
- Limpar os equipos de traballo con regularidade (por métodos húmidos).
- Non limpar con escobillas nin con utensilios de arrastre (escobas, cepillos).

- Non utilizar aire comprimido como sistema de limpeza.

Operacións de instalación

A principal medida preventiva consiste en evitar realizar calquera operación in situ que poida xerar po. Polo tanto, as pezas de aglomerado de cuarzo deberían saír do taller de elaborado totalmente acabadas e listas para colocar.

Con todo, en caso que sexa imprescindible repasar as pezas en obra, recoméndase, aínda que o tempo de exposición sexa curto:

- Realizar as operacións nun lugar ventilado, se é posible exterior (balcón, terraza, patio).
- Traballar sempre que sexa posible con métodos húmidos, empregando máquinas con sistema de achega de auga. En caso que non sexa posible empregar equipos de traballo en húmido, empregar máquinas con extracción localizada no punto de xeración de po.
- Utilizar equipos de protección respiratoria contra partículas tipo FFP3 (para máscaras autofiltrantes) ou P3 (para filtros axustados a adaptadores faciais).
- En tarefas de rexuntado de unións, zócalos, etc. onde se poden utilizar siliconas e produtos adhesivos, utilizar protección respiratoria fronte a partículas tipo P3 combinada con filtros para vapores orgánicos tipo A.
- Ao finalizar a instalación das pezas de aglomerado, recoller os restos de po (por métodos húmidos ou por aspiración) evitando que este pase ao ambiente.

Avaliación da exposición

Unha vez adoptadas as medidas preventivas destinadas a evitar ou diminuír a xeración de po nestas operacións, e a fin de comprobar a súa eficacia, deberase medir a concentración de sílice cristalina respirable no ar, calcular a partir dela a exposición diaria (ED) das persoas traballadoras expostas e comparala co seu valor límite ambiental de exposición profesional. Esta avaliación da exposición debe realizarse de forma periódica.

Este valor límite ambiental (VLA-ED) para a concentración de sílice cristalina contida na fracción de po respirable é de 0,05 mg/m³ (segundo o documento "Límites de Exposición Profesional para Axentes Químicos en España" editado polo Instituto Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo (INSST) para o ano 2025).

Medidas de hixiene persoal e protección individual

Segundo a lexislación e recomendación vixentes, os riscos para a saúde e a seguridade das persoas traballadoras eliminaranse ou reducirán ao mínimo mediante, entre outras, a adopción de medidas hixiénicas adecuadas, tanto persoais como de orde e limpeza.

Os hábitos de hixiene persoal teñen como obxectivo evitar o traslado da contaminación por po de sílice cristalina respirable a outras dependencias de traballo ou mesmo, ao propio fogar, xa sexa na roupa, pelo, etc., co risco de exposición de persoas non expostas profesionalmente a estas substancias. Para estes efectos, deberíanse observar as seguintes medidas:

➤ Non comer, beber ou fumar no lugar de traballo.



- Delimitar unha área limpa e específica, afastada da área de traballo en que se manipulan os aglomerados, na que as persoas traballadoras poidan preparar a comida, comer e beber.
- Antes de comer, beber ou fumar, as persoas traballadoras deben lavarse as mans e cara con auga e xabón e quitarse a roupa de protección ou de traballo.
- Proporcionar ás persoas traballadoras roupa de protección apropiada segundo as condicións de traballo.
- A roupa de protección debe impedir a penetración das partículas sólidas en suspensión e debe cubrir todo o corpo.
- Ao saír da zona de traballo, limpar e quitarse a roupa de protección. Para esta limpeza, empregar preferentemente métodos en húmido ou, se non é posible, por aspiración do po. Non utilizar sistemas de aire comprimido.
- Dispoñer de lugares separados onde gardar a roupa de protección ou de traballo de forma separada da roupa limpa ou outras pezas persoais.
- Estabelecer un programa que contemple a selección, uso, mantemento e limpeza dos equipos de

protección individual. Ao finalizar a xornada de traballo, as persoas traballadoras expostas deben asearse, ducharse se é necesario, e poñerse roupa limpa antes de abandonar o traballo.

Prohibición expresa que as persoas traballadoras leven a roupa de protección e o calzado de traballo ao seu domicilio. O empresario/a responsabilízase do lavado e descontaminación da roupa de protección ou de traballo.

Información e formación das persoas traballadoras

No marco dos requisitos establecidos no artigo 11 do [Real Decreto 665/1997](#), do 12 de maio, e no artigo 9 do [Real Decreto 374/2001](#), do 6 de abril, a empresaria/o adoptará as medidas adecuadas para que as persoas traballadoras e os/as representantes dos traballadores/as reciban formación e sexan informados, en relación coa súa protección e prevención fronte ao risco por exposición a po e sílice cristalina respirables, e especialmente:

a) Deberá asegurar que cada persoa traballadora recibe unha información precisa e formación, teórica e práctica, suficiente e adecuada, en materia de prevención fronte á exposición a po e sílice cristalina respirables no seu posto de traballo.

b) Conforme ao previsto no terceiro parágrafo do apartado 5, garantirá a formación práctica mediante ensaios de axuste cuantitativos dos equipos de protección respiratoria, con métodos como os recolleitos na norma UNE-EN 529.

O labor formativo deberá repetirse, polo menos, unha vez ao ano e, en particular, cando a persoa traballadora cambie de funcións, de posto ou de lugar de traballo, ou se introduzan novas tecnoloxías

ou cambios nos equipos de traballo, adaptándose aos novos coñecementos respecto a os riscos ou a aparición doutros novos.



Vixilancia da saúde: exames de saúde e revisión da avaliación e das medidas de prevención e protección.

De acordo con o establecido no artigo 8 do [Real Decreto 665/1997](#), do 12 de maio, e no artigo 6 do [Real Decreto 374/2001](#), do 6 de abril, o empresario/a garantirá unha vixilancia adecuada e específica da saúde das persoas traballadoras, realizada por persoal sanitario competente, segundo determinen as autoridades sanitarias nas pautas e protocolos que se elaboren, de conformidade co disposto no artigo 22 da [Lei 31/1995](#), do 8 de novembro, de prevención de Riscos Laborais, no apartado 37.3 do [Real Decreto 39/1997](#), do 17 de xaneiro e no [Re010a/ Decreto 843/2011](#), do 17 de xuño, polo que se establecen os criterios básicos sobre a organización de recursos para desenvolver a actividade sanitaria dos servizos de prevención, e levará a cabo a revisión da avaliación e das medidas de prevención e protección colectivas e individuais adoptadas, dacordo co artigo 8.4 do [Real Decreto 665/1997](#), do 12 de maio. **Os valores de exposición aos que estean sometidos as persoas**

traballadoras rexistraranse, periodicamente, en fichas individualizadas para cada traballador/a a fin de coñecer o risco acumulado ao que estiveron expostos. Estas fichas anexaranse ao seu expediente médico.

Documentación.

A empresaria/o, sempre que teñan lugar traballos susceptibles de xerar un risco por exposición a po respirable de sílice cristalina, está obrigada/o a dispoñer da documentación prevista no artigo 9 do [Real Decreto 665/1997](#), do 12 de maio, que será incluída nos apartados correspondentes do Documento sobre Seguridade e Saúde. A documentación incluírá os criterios seguidos durante a mostraxe e o tratamento dos resultados obtidos. O rexistro dos resultados das tomas de mostraxas realizarase por medio de fichas individualizadas seguindo o modelo dispoñible no Anexo II.

Información ás Autoridades Mineiras e ao Instituto Nacional de Silicose.

Sen prexuízo das obrigacións establecidas na lexislación laboral en materia de información ás autoridades, o empresario/a enviará, polo menos cuatrimestralmente e por medios electrónicos, as

fichas de datos estatísticos que inclúen os resultados das tomas de mostraxas ao Instituto Nacional de Silicose e anualmente, xunto coa presentación das modificacións do Documento sobre Seguridade e Saúde, á Autoridade Mineira. Ademais, o Instituto Nacional de Silicose enviará un resumo anual destes datos estatísticos á Autoridade Mineira. Deberá comunicarse á Autoridade Mineira e ao Instituto Nacional de Silicose todo caso de neumoconioses, silicoses e cancro de pulmón que se recoñeza resultante da exposición a po ou sílice cristalina respirable durante o traballo. Anualmente, o Instituto Nacional de Silicose publicará unha memoria detallando os novos casos de neumoconioses, silicoses e cancro diagnosticados.

Fontes:

- ✓ **NTP 890.**
- ✓ **Orde TED/723/2021.**
- ✓ [Real Decreto 843/2011](#), do 17 de xuño.
- ✓ [Real Decreto 374/2001](#), do 6 de abril.
- ✓ [Real Decreto 39/1997](#), do 17 de xaneiro.
- ✓ [Real Decreto 665/1997](#), do 12 de maio.
- ✓ [Lei 31/1995](#), do 8 de novembro, de prevención de Riscos Laboral.



FORMACIÓN EN PRL
→ Como ferramenta para a integración da prl nas empresas
→ Específica para delegados/as de prevención

ASESORAMIENTO TÉCNICO PRL
→ Puntos de asesoramento
→ Asesoramento técnico on line

INFORMACIÓN E SENSIBILIZACIÓN
→ www.cigsaudelaboral.org
→ Boletín CIG Saúde Laboral

Curso básico
SSI

Asesoramiento técnico online

www.cigsaudelaboral.org

Saúde Laboral Boletín

CIG

Edita: Gabinete Técnico Confederal de Saúde Laboral

